

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 28 DE MAIO DE 2025

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:30 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE).
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)
Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).
Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).

Non asiste:

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 15 DE ABRIL DE 2025.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáse aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria do 15 de abril de 2025.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE,) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que quedan aprobado o borrador da acta da sesión extraordinaria de 15 de abril de 2025.

2.-RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS : REPARO SUSPENSIVO DE SECRETARÍA-IINTERVENCIÓN.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“2.1 EXPEDIENTE 2025/X999/000027.

PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/X999/000027

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POR INTERVENCIÓN

Visto que con data 21.03.2025, formulouse reparo suspensivo ao recoñecemento das obrigas por parte da Intervención deste Concello sobre a seguinte factura polo importe de 12.100,00€ :

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓN ORZAMENT	IMPORTE
XURDIR S.L.	Colaboraición co documental "Sobre todo Sobrado" que fala do turismo, patrimonio e as xentes no concello de Sobrado dos M	Emit-2025 27	14/03/2025	17/03//2025	432.64000	12.100,00

Polos seguintes motivos:

“CONCLUSIÓN

Este informe realízase exclusivamente a efectos da intervención previa prevista na normativa vixente e manifestando expresamente a non valoración das circunstancias de oportunidade, necesidade ou urxencia que motivan o acto suxeito a control.

. Esta intervención EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga das seguintes facturas:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓN ORZAMENT	IMPORTE
XURDIR S.L.	Colaboraición co documental "Sobre todo Sobrado" que fala do turismo, patrimonio e as xentes no concello de Sobrado dos M	Emit-2025 27	14/03/2025	17/03/2025	432.64000	12.100,00

polos seguintes motivos:

-Insuficiencia de crédito presupostariosuficiente e/ou axeitado no orzamento 2025 na partidas orzamentarias

-Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non cumprimento do artigo 118 LCSP(informe de necesidade, non fraccionamento do obxecto do contrato, memoria-orzamento das obras e informe técnico segundo o disposto nas bases de execución.) e non se acredita a realización da prestación mediante informe técnico.

Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora, formularalle ao presidente da entidade local unha discrepancia.

Malia o disposto no número anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

Esta intervención como xa expuso considera que estamos en presenza de actos nulos de pleno dereito e que procede a revisión de oficio

Éste é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, sen prexuízo de que o órgano competente para resolver acorde o que estime oportuno”

Esta alcaldía entende que debe aprobarse o recoñecemento da obriga por tratarse de obras , servizos e suministros necesarios, que efectivamente se prestaron , que constan coa miña conformidadee e que o non pago das mesmas entraría en colisión coa teoría do Enriquecemento Inxusto amplamente recoñecido pola nosa doutrina.

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concernente ao órgano que ten que resolver as discrepancias,esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e que se continue co procedemento e imputar o gasto ao presuposto do exercicio 2025 unha vez se produza o recoñecemento extraxudicial de crédito polo Pleno.”

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE,) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

2.2 EXPEDIENTE 2025/X999/000034.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/X999/000034

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POR INTERVENCIÓN

Visto que con data 15.04.2025, formulouse reparo suspensivo ao recoñecemento das obrigas por parte da Intervención deste Concello sobre as seguintes factura polo importe de 13.981,50€ :

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓN ORZAMENT	IMPORTE
CANARGA S.L.	OBRA: PAVIMENTACIÓN VIAL Y RAMAL EN NOGUEIRA / M ² de mezcla asfáltica tipo MSR-6 en espesor de 2,50 cm extendido y	25 0047	28/02/2025	19/03/2025	454.21000	12.221,00

	compa					
CLIFONICA 2022 S.L.	SUMINISTRO Y COLOCACIÓN DE MAMPARA BAÑO EN VIVIENDA ESCUELA DE NOGUEIRA	Emit-029	20/03/2025	20/03/2025	231.63200	704,22
CALFENSA PROYECTOS S.L.	Suministro e instalación de balancín individual (Mobipark) en el parque infantil Santiago do Campo	MAC2425000001 96	25/03/2025	25/03/2025	171.62900	437,28
INFORMATICA BETANZOS SLU	PLACA BASE GIGAYTE B760M DS3H DDR4 GIGABYTE / MICROPROCESADOR INTEL CORE I5 12400 BOX / MEMORIA RAM DDR4 16GB 3200MHZ FU	25 5285	30/03/2025	31/03/2025	920.63600	619,00

Polos seguintes motivos:

“CONCLUSIÓN

Este informe realízase exclusivamente a efectos da intervención previa prevista na normativa vixente e manifestando expresamente a non valoración das circunstancias de oportunidade, necesidade ou urxencia que motivan o acto suxeito a control.

. Esta intervención EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga das seguintes facturas:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓN ORZAMENT	IMPORTE
CANARGA S.L.	OBRA: PAVIMENTACIÓN	25 0047	28/02/2025	19/03/2025	454.21000	12.221,00

	VIAL Y RAMAL EN NOGUEIRA / M ² de mezcla asfáltica tipo MSR-6 en espesor de 2,50 cm extendido y compa					
CLIFONICA 2022 S.L.	SUMINISTRO Y COLOCACIÓN DE MAMPARA BAÑO EN VIVIENDA ESCUELA DE NOGUEIRA	Emit-029	20/03/2025	20/03/2025	231.63200	704,22
CALFENSA PROYECTOS S.L.	Suministro e instalación de balancín individual (Mobipark) en el parque infantil Santiago do Campo	MAC2425000001 96	25/03/2025	25/03/2025	171.62900	437,28
INFORMATICA BETANZOS SLU	PLACA BASE GIGAYTE B760M DS3H DDR4 GIGABYTE / MICROPROCESADOR INTEL CORE I5 12400 BOX / MEMORIA RAM DDR4 16GB 3200MHZ FU	25 5285	30/03/2025	31/03/2025	920.63600	619,00

polos seguintes motivos:

-Insuficiencia de crédito presupostario suficiente e/ou axeitado no orzamento 2025 na partidas orzamentarias

-Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non cumprimento do artigo 118 LCSP(informe de necesidade, non fraccionamento do obxecto do contrato, memoria-orzamento das obras e informe técnico segundo o disposto nas bases de execución.) e non se acredita a realización da prestación mediante informe técnico.

Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora, formularalle ao presidente da entidade local unha discrepancia.

Malia o disposto no número anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

Esta intervención como xa expuso considera que estamos en presenza de actos nulos de pleno dereito e que procede a revisión de oficio

Éste é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, sen prexuízo de que o órgano competente para resolver acorde o que estime oportuno”

Esta alcaldía entende que debe aprobarse o recoñecemento da obriga por tratarse de obras , servizos e suministros necesarios, que efectivamente se prestaron , que constan coa miña conformidadee e que o non pago das mesmas entraría en colisión coa teoría do Enriquecemento Inxusto amplamente recoñecido pola nosa doutrina.

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concernente ao órgano que ten que resolver as discrepancias,esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e que se continue co procedemento e imputar o gasto ao presuposto do exercicio 2025 xa aprobado definitivamente.”

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE),Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE,) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

2.3EXPEDIENTE 2025/X999/000041 .

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/X999/0000041

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POR INTERVENCIÓN

Visto que con data 06.05.2025, formulouse reparo suspensivo ao recoñecemento das obrigas por parte da Intervención deste Concello sobre as seguintes factura polo importe de 3.303,54€ :

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
VÍCTOR PARDO ESPIDO	CHURRASCO SUMINISTRADO PARA FESTA DA IRMANDADE 2024	B244-2024	30/12/2024	15/04/2025	338.22699	1.723,28
REY PROCESOS DE FUNDICION S.L.	BANCO ECOFENDO- EF-1 / PAPELERA CAPRI 40 LITROS / PALLET EUROPEO 1200X800 / PORTES	FACF-2025 202	25/04/2025	25/04/2025	171.62900	1.580,26

Polos seguintes motivos:

“CONCLUSIÓN

Este informe realízase exclusivamente a efectos da intervención previa prevista na normativa vixente e manifestando expresamente a non valoración das circunstancias de oportunidade, necesidade ou urxencia que motivan o acto suxeito a control.

. Esta intervención EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga da seguinte factura:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓN ORZAMENT	IMPORTE
REY PROCESOS DE FUNDICION S.L.	BANCO ECOFENDO- EF-1 / PAPELERA CAPRI 40 LITROS / PALLET EUROPEO 1200X800 / PORTES	FACF-2025 202	25/04/2025	25/04/2025	171.62900	1.580,26

polos seguintes motivos:

-Insuficiencia de crédito presupostario suficiente e/ou axeitado no orzamento 2025 na partidas orzamentarias

-Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non cumprimento do artigo 118 LCSP(informe de necesidade, non fraccionamento do obxecto do contrato, memoria-orzamento das obras e informe técnico segundo o disposto nas bases de execución.) e non se acredita a realización da prestación mediante informe técnico.

. Esta intervención TAMÉN EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga da seguinte factura:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓN ORZAMENT	IMPORTE
VÍCTOR PARDO ESPIDO	CHURRASCO SUMINISTRADO PARA FESTA DA IRMANDADE 2024	B244-2024	30/12/2024	15/04/2025	338.22699	1.723,28

polos seguintes motivos:

-Gasto devengado no exercicio anterior e para que no momento da súa emisión non existía crédito orzamentario axeitado e suficiente

-Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non cumprimento do artigo 118 LCSP(informe de necesidade, non fraccionamento do obxecto do contrato, memoria-orzamento das obras e informe técnico segundo o disposto nas bases de execución.) e non se acredita a realización da prestación mediante informe técnico.

Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora, formularalle ao presidente da entidade local unha discrepancia.

Malia o disposto no número anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

Esta intervención como xa expuso considera que estamos en presenza de actos nulos de pleno dereito e que procede a revisión de oficio

Éste é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, sen prexuízo de que o órgano competente para resolver acorde o que estime oportuno”

Esta alcaldía entende que debe aprobarse o recoñecemento da obriga por tratarse de obras , servizos e suministros necesarios, que efectivamente se prestaron , que constan coa miña conformidadee e que o non pago das mesmas entraría en colisión coa teoría do Enriquecemento Inxusto amplamente recoñecido pola nosa doutrina.

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concernente ao órgano que ten que resolver as discrepancias,esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e que se continue co procedemento e imputar o gasto ao presuposto do exercicio 2025 xa aprobado definitivamente e asemade o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos a aprobar nesta mesma Sesión Plenaria.”

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE,) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

3.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 3/2025.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2025/X999/000054

ASUNTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 3/2025

PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a existencia dunhas obrigas económicas pendentes de pago e cuxo importe ascende a 3.932,29 €:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓN ORZAMENT	IMPORTE
TRASPOME S.L.	SOFÁ CAHISE LONGUE 240 CELA / MESA COCINA 110X70 ISADORA / SILLA COCINA YOLANDA /	A- 197	27/02/2025	06/03/2025	337.62500	1.590,01

	MESITA 2 CAJONES READY					
INFORMÁTICA BETANZOS S.L.U.	PLACA BASE GIGAYTE B760M DS3H DDR4 GIGABYTE / MICROPROCESADOR INTEL CORE I5 12400 BOX / MEMORIA RAM DDR4 16GB 3200MHZ FU	25 5285	30/03/2025	31/03/2025	920.63600	619,00
VÍCTOR PARDO ESPIDO	CHURRASCO SUMINISTRADO PARA FESTA DA IRMANDADE	B244-24	30/12/2024	15/04/2025	338.22699	1.723,28

Visto que quedou acreditado que as obrigas económicas pendentes se considera indebidamente adquiridas por concorrer algún/vos de os supostos que recolle o Tribunal de Contas na súa clasificación de obligación indebidamente adquirida e outras fronte informadas favorablemente e se atopan pendentes de aprobación e pagamento.

Visto o informe de de secretaría -intervención de data 21.05.2025.

Á vista dos seguintes antecedentes,

Esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos seguintes e aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2025 os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas, pola cantidade de 3.932,29 € por considerar que existen razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería ocasionar para os administrados e para os terceiros que actúan de boa fe e por tratarse de servizos efectivamente prestados e que foron conformados pola alcaldía:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓN N ORZAMENT	IMPORTE
--------------	----------	------------	------------------	------------------	-----------------------------	---------

					.	
TRASPOME S.L.	SOFÁ CAHISE LONGUE 240 CELA / MESA COCINA 110X70 ISADORA / SILLA COCINA YOLANDA / MESITA 2 CAJONES READY	A- 197	27/02/2025	06/03/2025	337.62500	1.590,01
INFORMÁTICA BETANZOS S.L.U.	PLACA BASE GIGAYTE B760M DS3H DDR4 GIGABYTE / MICROPROCESADOR INTEL CORE I5 12400 BOX / MEMORIA RAM DDR4 16GB 3200MHZ FU	25 5285	30/03/2025	31/03/2025	920.63600	619,00
VÍCTOR PARDO ESPIDO	CHURRASCO SUMINISTRADO PARA FESTA DA IRMANDADE	B244-24	30/12/2024	15/04/2025	338.22699	1.723,28

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE,) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

4.-MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2025 , DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS Y SUPLEMNETO S DE CRÉDITO EXTRAORDINARIOS CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“Exp. 2025/T002/000002

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: modificación crédito 2/2025 de Créditos Extraordinarios e Suplemento de créditos con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais

I. E necesario a tramitación dun expediente de recoñecemento de obrigas e facturas devengadas no presente exercicio e para as que non se disponía de crédito orzamerntario suficiente, estes gastos son os seguintes:

- .- Reparacións de viais nos núcleos de Nogueira.e en As Cruces.
- .- Edición dun video de promoción turística de Sobrado e a súa xente.
- .- Traballos de mantemento e reparación de deficiencias na praza do Portal
- .- Mobiliario para o local social de Nogueira
- .- Mobiliario urbán (papeleiras e bancos na praza e no parque infantil.
- .- Dotar de maior crédito á partida de gastos diversos por infracción do Canon da Auga

II. Créditos extraordinarios en partidas que suponen a aportación municipal a obras cuxa contratación se tramita:

- .- Aportación municipal ao proxecto de mellora do alumeadado público (Subvención nominativa de Deputación Provincial)

III.- Finalmente créditos extraordinarios ou suplementos para diversos gastos xerais en festexos, suministro de material para mantemento de viais, instalación de barreiras de infraroxo no ascensor da casa consistorial e outros gastos diversos comprometidos que superarán os importes consignados no orzamento de gasto.

E dado que se dispón de remanente líquido de Tesourería segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior e do anterior modificativo nº 2.2025, pola Alcaldía propúxose a modificación orzamentaria por Créditos Extraordinarios e Suplemento de Créditos financiados con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Con data 22.05.2025 emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Con data 22.05.2025 emitíuse informe de Secretaría-intervención sobre a Lexislación aplicable e o procedemento para seguir.

Con data 22.05.2025 emitíuse informe de intervención favorable e informe sobre a avaliación da estabilidade orzamentaria.

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte. **ACORDO**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 2.2025 na modalidade de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do exercicio anterior e dos estados contables na data de inicio do presente expediente, como segue a continuación:

ORZAMENTO DE GASTOS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

Aplicacións orzamentarias		Descrición	Euros
programa:	económica:		
1532	619.00	Pavimentación de viais públicos. Outras inversións de reposición	13.675,00
165	633.00	Alumeado público. Inverisións de reposición	23.954,00
170	629.00	Medio ambiente. Outras inversións novas	1.581,00
171	629.00	Parques e xardíns. Outras inversións novas	438,00
337	625.00	Locais sociais. Inversión nova en mobiliario	705,00

432	640.00	Información e promoción turística. Inversións de carácter inmaterial.	12.100,00
Total Créditos Extraordinarios			52.453,00

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Aplicacións orzamentarias		Descrición	Euros
programa:	económica:		
1532	210.00	Pavimentación de viais públicos. Mantemento	2.200,00
160	210.00	Alcantarillado. Mantemento de infraestruturas e bens naturais	2.300,00
338	226.09	Festexos populares. Actividades culturais	15.000,00
338	226.99	Festexos populares. Outros gastos diversos	20.000,00
454	221.99	Camiños veciñais. Outros suministros	15.000,00
454	619.00	Camiños veciñais. Outras inversións de reposición	27.488,00
920	213.00	Administración xeral. Maquinaria, instalacións e utillaxe	1.100,00
920	226.99	Administración xeral. Outros gastos diversos	20.000,00
Total			103.088,00

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

ORZAMENTO DE INGRESOS

RECURSOS QUE FINANCIAN A MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.

Aplicación	Denominación	Importe
870.10	Remanente de Tesoureria para Gastos Xerais	155.541,00

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- a) O carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica].

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE,) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

5.-RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ALCALDÍA Nº 80/2025 DE 24.02.2025 DE ADHESIÓN A CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CURTIS, SOBRADO E VILASANTAR, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES , MODIFICACIÓN DO ARTICULADO DO III CONVENIO.

Dáse lectura á resolución da alcaldía nº80/2025 de 24.02.2025 que transcrita literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE NÚM.: 2025/A006/000003

EXPEDIENTE DE DECRETO: 2025/G003/000096

ASUNTO: APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO III CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CURTIS, SOBRADO E VILASANTAR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES.

ANTECEDENTES

Vista a Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento SI427B).

Visto III convenio de colaboración entre os concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar para a prestación integral do servizo de información ás mulleres no seu ámbito territorial a través do CIM, tendo como obxectivo a prestación do servizo de asesoramento xurídico, psicolóxico e de axente de igualdade e proporcionar información sobre recursos específicos para mulleres e colaborar na asistencia integral ás vítimas de violencia de xénero.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración que se transcribe no Anexo I deste decreto.

SEGUNDO.- Dar conta esta resolución polo Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.

ANEXO I

III CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CURTIS, SOBRADO E VILASANTAR, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN AS MULLERES.

Curtis, na data sinalada no marxe esquerdo xunto coas sinaturas dixitais.

REUNIDOS:

Sr. Alcalde Javier Fco. Caínzos Vázquez. Concello de Curtis.

Sr. Alcalde Luis Lisardo Santos Ares. Concello de Sobrado.

Sr. Alcalde Fernando Pérez Fernández. Concello de Vilasantar.

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.-A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os

servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O Concello de Curtis é titular dun Centro de Información ás Mulleres (CIM), acreditado conforme ó Decreto 182/2004, 22 de xuño, polo que se regulan e establecen os requisitos para o seu funcionamento.

As funcións dos CIM están recollidas no artigo 4 do devandito Decreto, segundo o cal lles corresponde prestar de xeito permanente un servizo integral de información, asesoramento e apoio ás mulleres, con atención individualizada e tamén grupos de mulleres que colectivamente demanden.

Terceiro.- Os Concello de Sobrado e Vilasantar dispoñen de medios materiais e técnicos nun espazo físico axeitado para a prestación presencial do servizo obxecto deste convenio, cando a situación o requira.

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos.

Quinto.- Que tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración administrativa.

Sexto.- Que os Concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar consideran esencial a celebración dun convenio de colaboración que garanta o dereito ás mulleres do ámbito territorial dos citados concellos ó acceso á información xeral e especializada, dun xeito integral, e que promova a igualdade das mulleres e dos homes.

Por todo o exposto, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre os Concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar para a prestación integral do servizo de información ás mulleres no seu ámbito territorial a través do CIM, tendo como obxectivos o proporcionar asesoramento xurídico, psicolóxico e de axente de igualdade; o proporcionar información sobre recursos específicos para mulleres e o colaborar na asistencia integral ás vítimas de violencia de xénero entre outros.

Segunda.- Obxectivos da colaboración.

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos dispoñibles.

No desempeño das funcións propias do servizo obxecto do presente convenio garantirase o anonimato na identidade das usuarias, o respecto da súa vontade na busca de solucións alternativas, a gratuidade de tódolos servizos que se presten e o respecto á confidencialidade que garantirá a privacidade das comunicacións.

Terceira.-Ámbito de aplicación.-

O ámbito de aplicación acada o ámbito territorial dos Concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar.

Cuarta.-Funcionamento do servizo

O servizo prestarase polo persoal do CIM de Curtis con carácter permanente neste concello á veciñanza de Curtis, Sobrado e Vilasantar.

O persoal técnico do servizo desprazarase cando a situación o requira aos concellos que forman parte deste convenio.

Quinta.-Obrigas do Concello de Curtis.

O concello de Curtis, para a execución das actuacións obxecto deste convenio comprométese a :

- Garantir a prestación do servizo, mediante o funcionamento permanente do CIM.
- Destinar para o CIM persoal especializado cós recursos e medios técnicos necesarios segundo o establecido neste convenio e no Decreto polo que se regula o seu funcionamento.
- Aboar mensualmente os pagamentos ó persoal técnico do CIM derivados da prestación do servizo con carácter permanente no Concello de Curtis e pola súa asistencia ó punto de atención ás mulleres creado no Concello de Vilasantar e de Sobrado de ser o caso.

Sexta.-Obrigas dos Concellos de Sobrado e Vilasantar.

Os concellos de Sobrado e Vilasantar para a realización das actuacións obxecto deste convenio, prestarán colaboración técnica ou administrativa necesaria para elo. Asemade comprométese a destinar un local axeitado con mobiliario e os medios técnicos precisos para o establecemento dun punto de atención que permita a prestación do servizo en óptimas condicións e coas garantías establecidas para as usuarias, por parte do persoal do CIM, no horario determinado ó efecto de asumilos gastos correntes derivados para o seu correcto funcionamento.

Sétima- Encomenda de xestión.

Os concellos de Sobrado e Vilasantar, encomendan a xestión da tramitación da subvención relacionadas co CIM no que afecten a este Convenio, así como a xestión do desenvolvemento do servizo.

Pola súa parte o Concello de Curtis, acepta ditas encomendas de xestión dos concellos de Sobrado e Vilasantar, durante a vixencia do presente convenio.

Oitava -Natureza do Convenio.

Os concellos de Sobrado e Vilasantar financiarán os gastos correntes directamente vencellados ó funcionamento e mantemento do punto de atención ubicado no seu propio concello, no caso de efecturase esos desplazamentos, excepto gastos de persoal, que serán asumidos polo Concello de Curtis.

Para a xestión do servizo poderase solicitar a axuda ou a subvención convocada con carácter anual pola Secretaría Xeral de Igualdade para o desenvolvemento do programa de apoio ós centros de información ás mulleres (CIM). Con este fin o Alcalde do Concello de Curtis actuará en representación dos concellos que asinan o presente convenio e terá poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes. Finalmente o importe da subvención concedida será aplicado para o financiamento dos custos do persoal técnico do CIM asumidos polo Concello de Curtis.

Novena.-Publicidade e difusión do servizos

Nas oficinas do CIM e no punto de atención figurará de forma visible, un cartel no que se indique que a acción está financiada pola Consellería de Política Social e Igualdad da Xunta de Galicia e polos organismos que colaboren no financiamento de ser o caso.

Décima.-Comisión de seguimento

Para o seguimento, cumprimento e coordinación do convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento sen prexuízos das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos ou técnicas dos mesmos. A Comisión de Seguimento ditará ás súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

Undécima.-Causas de resolución

O presente resolverase:

- Por denuncia unilateral dunha das partes cun preaviso mínimo de tres meses.
- Por mútuo acordo das partes asinantes.

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo vencemento do prazo de vixencia.
- Por derogación implícita da suscripción dun novo convenio.

Duodécima.-Vixencia

O presente convenio ven a substituír ao anterior vixente, asinado 20/02/2020 entre o Concello de Vilasantar, o Concello de Sobrado e o Concello de Curtis e a addenda ao mesmo asinada o 26/01/2021, e entrará en vigor dende o día seguinte á firma do presente documento, coincidindo co período subvencionado ao abeiro da *ORDEN de 3 de enero de 2025 por la que se establecen las bases reguladoras de las subvenciones a las entidades locales de la Comunidad Autónoma de Galicia para la promoción de la igualdad, de forma individual y mediante el sistema de gestión compartida, cofinanciadas parcialmente por la Unión Europea en el marco del programa FSE+ Galicia 2021-2027.*

En ningún caso a súa vixencia se estenderá máis de catro anos desde o seu comezo, sempre que se obteña financiamento ao abeiro das correspondentes convocatorias anuais da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia.

A súa vixencia poderá prorrogarse motivadamente catro anos mais, adoptándose os acordos correspondentes.

Décimo terceira..-Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola Comisión de Seguimento quedando as partes suxeitas á xurisdicción contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na súa aplicación.

Décimo cuarta.-Normativa aplicable

En todo o previsto expresamente polo presente convenio estarase ó disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Décimo quinta.-Xurisdicción competente

As partes someterán as cuestións litixiosas ó coñecemento dos tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

Fernando Pérez Fernández Javier Fco. Caínzos Vázquez Luis Lisardo Santos Ares

Concello de Vilasantar Concello de Curtis Concello de Sobrado”

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE,) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda ratificado o decreto de alcaldía.

CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN

6.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA DE 122/2025 DE 20.03.2025 A 206/2025 DE 20.05.2025 .

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta aos concelleiros das resolucións da alcaldía da nº 122/2025 a 206/2025.

7.-DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 1º TRIMESTRE DO 2025.

Dase conta do periodo medio de pago a provedores do 1º trimestre do 2025 que foi de 11,10 días.

A Corporación dase por enterada.

8.- MOCIÓNS DE URXENCIA

O sr. alcalde , en virtude do establecido no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo municipal desexa someter á consideración do Pleno , por razón de urxencia, algún asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Non se plantexa ningunha moción

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:40 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria , dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE